



BOP

MIÉRCOLES, 10 DE ABRIL DE 2013

Nº 082

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

Anuncio

ANUNCIO POLO QUE SE FAI PÚBLICA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 5 DE ABRIL DE 2013 POLO QUE SE CONVOCA E SE APROBAN AS BASES PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DENOMINADO XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO A PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 5 de abril de 2013, adoptou o seguinte acordo:

“Vista a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala:

- “Art. 101. “Os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos polos funcionarios (excepto os que corresponden a funcionarios con habilitación de carácter estatal) proveranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou de libre designación, de acordo coas normas que regulen estes procedementos en tódalas Administración públicas.

Nas ditas convocatorias de provisión de postos de traballo, ademais da participación dos funcionarios propios da entidade convocante, poderán participar os funcionarios que pertencen a calquera das Administración públicas, quedando neste caso supeditada a participación ao que ao respecto establezan as relacións de postos de traballo.”

- “Art. 102.1.- As probas de selección e os concursos para a provisión de postos de traballo a que se refire o presente capítulo rexeranse polas bases que aprrobe o Presidente da Corporación, a quen corresponderá a súa convocatoria.”

- “Art. 97.- Os anuncios de convocatorias [...] de concursos para a provisión de postos de traballo deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, [...]”.

Vista a Sección 2ª.- Atribucións da Xunta de Goberno, artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 056, de 10 de marzo de 2011, que textualmente dí: “Correspóndelle a Xunta de Goberno (...) Aprobar as bases para as probas de selección de persoal e dos concursos de provisión de postos de traballo”

Visto o artigo 45 do Real Decreto 364/1995, de 10 marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, que regula o concurso específico.

“1. Cando, en atención á natureza dos postos a cubrir, así se determine nas convocatorias, os concursos poderán constar de dúas fases. Na primeira se valorarán os méritos enunciados nos parágrafos b, c, d e e do apartado 1 do artigo anterior conforme aos criterios nel establecidos. A segunda fase consistirá na comprobación e valoración dos méritos específicos adecuados ás características de cada posto. A tal fin poderase establecer a elaboración de memorias ou a celebración de entrevistas, que deberán especificarse necesariamente na convocatoria.”

Visto o art. 233.3 da Lei 5/1997, de 27 de xullo, de Administración Local de Galicia, que literalmente di:

“Os anuncios de convocatorias [...] de concursos para prover postos de traballo publicaranse, ademais do disposto pola normativa básica do Estado, no Diario Oficial de Galicia”.

Visto o Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación (BOP 31-01-91), que establece que o concurso constitúe o sistema ordinario de provisión de postos de traballo e neste mesmo senso se pronuncia o Regulamento de Acceso, Promoción Interna e Provisión de Postos de Traballo da Deputación, aprobado polo Pleno de 27 de setembro de 2006 (BOP 30-06-2006).

Vista a Relación de Postos de Trabajo desta Deputación en vigor (aprobada, con carácter definitivo o 29/01/2013 e publicada no BOP nº 048 de 27/02/2013), na que sinala, entre outros extremos, que o posto de traballo nº 1163, denominado Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, se atopa en situación de vacante dotado, e considerando que para o bo funcionamento do Servizo é necesario provistar con carácter definitivo o mencionado posto, proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases que rexerán a provisión, polo sistema de concurso específico de méritos, do posto de Xefe de Servizo de Contratación e Fomento, adscrito á Secretaría Xeral Adxunta - Secretaría Xeral - Presidencia.

2º.- Convocar, polo sistema de concurso específico de méritos, a provisión do posto de traballo denominado Xefe de Servizo de Contratación e Fomento.

3º.- Ordenar a publicación da convocatoria e das Bases para a provisión, polo sistema de concurso específico de méritos, do devandito posto de traballo, xunto co anexo I.

4º.- Ordenar a realización de cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo a cobertura do posto de traballo convocado.”

Contra o presente acordo que pon fin a vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación deste acordo no Boletín Oficial de Provincial, ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poda interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 8 de abril de 2013.- O SECRETARIO.- D. José Antonio Mourelle Cillero.

BASES PARA Á PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DENOMINADO XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO A PROVEER POLO SISTEMA DE CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS.

1.- NORMAS DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, R.B.R.L., na Lei 30/1984, de 2 de agosto de M.R.F.P.; no R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, T.R.R.L.; e conforme, ao artigo 168 do anterior R.D 781/86, polas normas que en desenvolvemento da lexislación básica en materia en función pública local dite a Administración do Estado; serán tamén de aplicación o Decreto 93/1991 de 20 de marzo polo que se aproban o regulamento de provisión de postos de traballo, carreira, promoción profesional e promoción interna da Xunta de Galicia aplicable ao persoal da Administración local no que non este reservado a lexislación do Estado, e R.D. 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de traballo e Promoción Profesional de Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado. Así mesmo, como normas propias desta Entidade, aplicarase o Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo aprobado definitivamente en sesión plenaria de 25 de setembro de 2006 (BOP 30 de setembro de 2006) e o sinalado no Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión, polo sistema de concurso específico de méritos, do posto de traballo cuxas características se sinalan a continuación:

Denominación: Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

Tipo de Posto: Singularizado.

Nº do Posto de Traballo: 1163.

Situación: Vacante.

Adscrición: Servizo de Contratación e Fomento - Secretaría Xeral Adxunta - Secretaría Xeral - Presidencia.

Réxime Xurídico: Funcionario.

Complemento de Destino: 28.

Complemento Específico: 1.731,17 €.

Méritos específicos:

- **Títulos académicos.**

- Licenciatura ou grao en dereito.

- Cursos de doutoramento en dereito con título DEA, ou equivalente.

- Doutoramento en dereito.

- **Experiencia** derivada do desempeño definitivo do mesmo posto de traballo que se convoca con carácter definitivo e/ou desempeño de postos con carácter definitivo na mesma área de actividade, realizando algunhas das funcións/tarefas que se relacionan a continuación.

Funcións:

Dirixir, organizar, coordinar e executar as actuación e actividades desenvolvidas polo Servizo de Contratación e Fomento, asumindo a responsabilidade administrativa e técnica deste. Neste cometido inclúese o exercicio directo da xefatura sobre o persoal adscrito ao Servizo e a tramitación dos expedientes de contratación e subvencións que desenvolva a Deputación.

Principais tarefas:

- Dirixir la actividade xeral do Servizo.
- Atender as incidencias que se produzan no Servizo, resolvendo as consultas que lle formulen o persoal adscrito, dando as indicacións pertinentes.
- Elaborar propostas de resolución para a súa aprobación polos Órganos de Goberno.
- Analizar as reclamacións e recursos presentados en materia de contratación e fomento, examinando a documentación e consultando as fontes xurídicas que corresponda, e posteriormente, elaborar os informes sen ou con propostas de resolución.
- Analizar e informar en relación cos posibles recursos xurisdicionais sobre expedientes de contratación e fomento.
- Tramitar expedientes de declaración de urxente ocupación de bens e dereitos afectados pola realización de obras, incluíndo as fases de iniciación e instrución.
- Facilitar a documentación solicitada polos Deputados, atendendo as súas consultas.
- Supervisar e cualificar a documentación presentada nos concursos e poxas, asistindo, previa designación polo órgano correspondente, ás Mesas de Contratación.
- Elaborar, e revisar de forma periódica, os pregos de condicións administrativas e dos contratos administrativos que celebre a Entidade.
- Atender ás incidencias derivadas do cumprimento dos pregos de condicións administrativas e dos contratos administrativos, particularmente ao cumprimento dos prazos contractuais e orzamentarios das obras e servizos.
- Asistir á Comisión Informativa correspondente, presentado a proposta ou propostas correspondentes para debate e votación e informando verbalmente ás preguntas que formulen os membros da Comisión.
- Elaborar informes, oficios, propostas e anuncios sobre as materias relacionadas cos diferentes contratos.
- Dar as directrices que correspondan para elaborar a memoria anual de actividades desenvolvidas polo Servizo.
- Preparar as liquidacións dos Plans de obras e servizos tramitados, redactando as súas memorias de execución.
- Calquera outra tarefa, relacionada co contido funcional do Servizo, que sexa encomendada polo superior xerárquico.

3.- REQUISITOS E CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.

3.1.- Conforme á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) poderán tomar parte no presente concurso os funcionarios propios da entidade convocante e doutras Entidades da Administración Local que pertencen á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica ou de Xestión, Grupo A, Subgrupo A₁/A₂.

3.2.- PERMANENCIA NO POSTO DE ORIXE.

Os funcionarios concursantes deberán acreditar unha permanencia mínima de dous anos no posto de traballo ocupado con carácter definitivo ao obxecto de poder participar no concurso específico de provisión, agás nos supostos de remoción previstos no artigo 20.1 e) parágrafo segundo, da Lei de medidas para a reforma da función pública, así como pola supresión do posto de traballo de destino de carácter definitivo.

Os requisitos de participación deberán posuírse no momento de rematar o prazo de presentación de instancias e gozar dos mesmos durante todo o tempo que dure o proceso selectivo.

4.- CONVOCATORIA.

A convocatoria, e as presentes bases, para a provisión de postos de traballo vacantes que sexan cubertos polo sistema de concurso específico de méritos, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOGA) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Taboleiro de anuncios desta Entidade e na súa páxina Web (www.deputacionlugo.org), comunicándose inmediateamente aos distintos servizos, seccións e á Xunta de Persoal.

5.- SOLICITUDES.

Os aspirantes que desexen tomar parte na convocatoria deberán presentar solicitude dirixidas ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo e axustada ao modelo oficial que se facilitará na Unidade de Selección, Promoción e Carreira, estando este modelo tamén a disposición na páxina Web da Entidade.

5.1.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo para presentar solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOE.

5.2.- LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Entidade ou en calquera dos lugares determinados no artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5.3.- VINCULACIÓN PARA O PETICIONARIO.

Transcorrido o período de presentación de instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para o petionario e o destino adxudicado será irrenunciable, agás que se obtivese outro destino mediante convocatoria pública antes de rematar o prazo de toma de posesión.

5.4.- DOCUMENTOS QUE DEBERÁN ACOMPAÑARSE NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Certificación que acredite a súa condición de funcionario de Administración Local, pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica ou de Xestión, Grupo A, Subgrupo A₁/A₂.

b) Informes, certificacións, títulos e demais medios de proba que acrediten os méritos que alegue o concursante.

c) Memoria elaborada polos candidatos consistente nunha análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, todo iso conforme a descrición do posto sinalada no apartado 2 destas bases.

A extensión da memoria será, como máximo, de dez folios, en tamaño DIN-A4, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara.

6.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.

6.1.- O presente concurso específico consta de dúas fases.

- Na **primeira fase**, a Comisión de Valoración comprobará e valorará os méritos xerais alegados e acreditados polas persoas aspirantes que concorran.

- A **segunda fase** consistirá na comprobación e valoración do méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo. Con esta finalidade os aspirantes presentarán unha memoria e someteranse a unha entrevista.

Concluídas ámbalas dúas fases, a Comisión de Valoración realizará a correspondente proposta da persoa seleccionada ou, se é o caso, de declaración de vacante deserta.

6.2.- A adxudicación do posto virá determinada pola maior puntuación total obtida segundo o baremo de méritos, unha vez superada a puntuación mínima establecida para a adxudicación de destino.

A dita puntuación obterase da suma dos resultados finais de cada unha das dúas fases. En tal caso, os resultados correspondentes á segunda fase que deriven da valoración non regrada de méritos específicos, obteranse coa media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros da Comisión de Valoración, debendo rexeitarse a estes efectos a máxima e a mínima concedidas ou, se é o caso, as que aparezan repetidas como tales.

6.3.- No caso de empate na puntuación total, acudirase para dirimilo, en primeiro lugar á puntuación outorgada polos méritos específicos valorados na segunda fase do concurso, pola orde expresada no baremo do apartado 6.5.2 das presentes bases. De non desfacerse a igualdade acudirase á puntuación outorgada aos méritos valorados na primeira fase do concurso, pola orde expresada no baremo do apartado 6.5.1 destas bases. De persistir o empate acudirase á data de ingreso como funcionario de carreira no Corpo ou Escala dende o que se concursa. De persistir o empate, optarase pola candidatura que corresponda a unha muller, cando se trate de postos de traballo onde estean subrepresentadas as mulleres. Finalmente, en defecto dos anteriores criterios de desempate, a adxudicación realizarase por sorteo.

6.4.- As puntuacións outorgadas e a valoración final deberán reflectirse na acta que se levante ao efecto.

6.5.- A valoración dos méritos para a adxudicación de postos efectuarase de acordo co seguinte baremo:

6.5.1.- PRIMEIRA FASE: Valoración dos méritos xerais:

A puntuación máxima desta fase será de **52 puntos**.

6.5.1.1.- Valoración do traballo desenvolvido.

Polo nivel de complemento de destino do último posto obtido con carácter definitivo, adxudicarase ata un máximo de **8 puntos**, distribuídos da seguinte forma.

a) Por cada ano de traballo ou fracción, igual ou superior a 6 meses, cando o posto solicitado sexa inferior ao desempeñado en un nivel ou máis: 2 puntos.

b) Por cada ano de traballo ou fracción, igual ou superior a 6 meses, cando o posto solicitado sexa de igual nivel ou dous niveis superior ao desempeñado: 1,50 puntos.

c) Por cada ano de traballo ou fracción, igual ou superior a 6 meses, cando o posto de traballo solicitado sexa de máis de dous niveis superior ao desempeñado: 0,25 puntos.

Aos empregados públicos reingresados, ou removidos do seu posto ou procedentes de postos suprimidos pendentes de asignación de postos de traballo, se lles valorará como posto o que lles corresponda de acordo con ditas normas coa puntuación maior. Aos empregados públicos en comisión de servizos ou adscrición provisional valoraráselles o nivel de complemento de destino do último posto de traballo obtido con carácter definitivo.

De conformidade co disposto no artigo 57 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, computarase, aos efectos de valoración do traballo desenvolvido e dos correspondentes méritos, o tempo que as persoas candidatas permaneceran gozando permisos por motivos da conciliación da vida persoal, familiar e laboral ou na situación de excedencia por coidado de familiares.

As persoas procedentes das situacións de excedencia por coidado de familiares e da de servizos especiais con dereito a reserva de posto, valoraráselles o nivel do último posto que desempeñaran en activo ou, no seu defecto, o nivel mínimo correspondente ao grupo en que se clasifique a súa categoría.

6.5.1.2.- Valoración do grao persoal.

Pola posesión do grao persoal se adxudicarán ata un **máximo de 12 puntos** distribuídos da seguinte forma:

- a) Por ter consolidado un grao persoal de superior nivel ao do posto que se solicita: 12 puntos.
- b) Por ter consolidado un grao persoal igual ao posto que se solicita: 10 puntos.
- c) Por ter consolidado un grao persoal de ata dous niveis inferior ao posto que se solicita: 8 puntos.
- d) Por ter consolidado un grao persoal de ata catro niveis inferior ao posto que se solicita: 6 puntos.

6.5.1.3.- Cursos de formación e perfeccionamento.

A puntuación máxima neste apartado será de 8 puntos.

a) Cursos incluídos dentro dos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo ou realizados por Escolas de Administración Pública ou por outras Entidades relacionados directamente coas funcións do posto ao que se opta, valoraranse segundo a seguinte escala:

ASISTENCIA		APROVEITAMENTO	
Anteriores	Últimos 5 anos	Anteriores	Últimos 5 anos
0.01 puntos/hora.	0.02 puntos/hora.	0.015 puntos/hora.	0.03 puntos/hora.

b) Impartición de cursos relacionados coas funcións do posto de traballo, estudos de especialización, masters ou similares e publicacións xurídico administrativas: valorarase a criterio da Comisión de Valoración, en función do contido das mesmas e da relevancia para o posto de traballo e tomando como referencia o baremo anterior.

c) Cursos de idiomas oficiais da Unión Europea: valoraranse a criterio da Comisión de Valoración, en función do contido das mesmas e da relevancia para o posto de traballo e tomando como referencia o baremo anterior.

6.5.1.4.- Idioma galego.

A puntuación máxima neste apartado non superará os **8 puntos**.

- **CELGA 3**, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso da Escola Oficial de Idiomas: 4 puntos.

- **CELGA 4**, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da Escola Oficial de Idiomas: 6 puntos.

- **Ciclo Superior de Estudos de Galego das Escolas Oficiais de Idiomas**, curso medio de Linguaxe Administrativa ou xurídica galega: 7 puntos.

- **CELGA 5**, Licenciaturas de Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica (subsección de galego - portugués), nivel superior de Linguaxe Administrativa Galega, nivel superior de Linguaxe Xurídica Galega, título de tradutor especialista en linguaxe xurídica administrativa: 8 puntos.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuación polos distintos cursos ou titulacións, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O coñecemento do idioma galego só será obxecto de valoración neste epígrafe.

6.5.1.5.- Antigüidade.

A puntuación máxima neste apartado non superará os **12 puntos**.

Valorarase a razón de 0,50 puntos por ano completo de servizo ou fracción igual ou superior a 6 meses de servizos na Administración Pública.

Para estes efectos, computaranse os servizos prestados con carácter previo ao ingreso no Corpo ou escala, expresamente recoñecidos ao abeiro do disposto no artigo 1 da Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos propios na Administración Pública. Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

6.5.1.6.- Circunstancias familiares.

Ata un máximo de 8 puntos, se concederán as seguintes puntuacións por concorrer algunhas das seguintes circunstancias familiares:

6.5.1.6.1.- Polo destino previo do cónxuxe funcionario, obtido mediante convocatoria pública, no municipio onde radique o posto solicitado, sempre que se acceda dende municipio distinto, 3 puntos.

Para a súa acreditación deberá aportarse a seguinte documentación:

a) Certificación, debidamente firmada e selada, acreditativa do destino do cónxuxe e da súa forma de provisión, expedida pola Unidade Administrativa competente onde o cónxuxe se atope destinado.

b) Copia do libro de Familia ou certificación actualizada do Rexistro Civil de inscrición matrimonial.

6.5.1.6.2.- Por coidado de fillos, tanto cando o sexan por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, ata que o fillo cumpra doce anos, sempre que se acredite polos interesados fehacientemente que o posto que se solicita permite unha mellor atención do menor, ata un máximo 5 puntos, consonte coa seguinte distribución:

- Por un fillo que cumpra as devanditas condicións: 3 puntos.
- Ata tres fillos que cumpran as ditas condicións: 4 puntos.
- Por máis de tres fillos que cumpran as devanditas condicións: 5 puntos.

Para a súa acreditación deberá aportarse a seguinte documentación:

a) Copia do Libro de Familia ou resolución administrativa ou xudicial da adopción, acollemento permanente ou preadoptivo.

b) Declaración do proxenitor solicitante, debidamente firmada, xustificando fehacientemente os motivos que avalan que o cambio de posto permite a mellor atención do menor, e que unicamente terá validez cando veña motivada en termos de ubicación e horario oficial do posto que se convoca, acompañada, se é o caso, da correspondente documentación acreditativa. Esta declaración poderá non terse en conta si a Comisión de Valoración dispón de documentación oficial que invalide, de forma negativa, a xustificación contida naquela.

6.5.1.6.3.- Por coidado dun familiar, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade sempre que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por se mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acceda dende un municipio distinto, e sempre que se acredite fehacientemente polos interesados que o posto que se solicita permite unha mellor atención do familiar, ata un máximo de 5 puntos, consonte á seguinte distribución:

- Polo coidado dun familiar que cumpra as devanditas condicións: 3 puntos.
- Polo coidado dun familiar maior de 80 anos que cumpra as devanditas condicións: 4 puntos.
- Polo coidado dun familiar maior de 90 anos que cumpra as devanditas condicións: 5 puntos.
- Polo coidado de dous ou máis familiares que cumpran as devanditas condicións: 4 puntos.
- Polo coidado de dous ou máis familiares que teñan máis de 70 anos e cumpran as devanditas condicións: 5 puntos.

A valoración deste suposto será incompatible coa outorgada polo coidado de fillos.

Para a súa acreditación aportarase a seguinte documentación:

Parentesco.- Libro de Familia e/ou outros documentos públicos que acrediten a relación ata o segundo grao, inclusive, de consanguinidade o afinidade.

Situación de dependencia por idade, accidente, enfermidade ou discapacidade.- Certificado médico oficial ou documento dos órganos da Administración pública competente na materia, acreditativo de tales extremos.

Non desempeño de actividade retribuída.- Certificado de non atoparse en alta en ningún dos réximes da Seguridade Social e declaración, debidamente firmada, da persoa dependente de que non desempeña actividade retribuída algunha.

Acceso dende municipio distinto. O empregado público deberá prestar o seu consentimento fehaciente para realizar a consulta ao Sistema de Verificación de Datos de Residencia para que os datos de empadramento sexan recabados de oficio. Se non prestara tal consentimento, ou se producisen outros supostos que se detallan na normativa reguladora, o solicitante deberá aportar o certificado de empadramento, de acordo co Real Decreto 526/2006, de 28 de abril, e a Orde PRE/ 4008/2009, de 27 de decembro, normas que suprimen a esixencia de aportar o certificado de empadramento como documento probatorio do domicilio e residencia.

Mellor atención familiar. Declaración do solicitante, debidamente firmada, xustificando as razóns que avalan que o cambio de posto permite a mellor atención do familiar. Esta declaración poderá non terse en conta se a Comisión de Valoración dispón de documentación oficial que invalide, de forma negativa, a xustificación contida naquela.

6.5.1.7.- Puntuación mínima. A puntuación mínima necesaria para a superación da primeira fase será de **21 puntos**.

6.5.2.- SEGUNDA FASE.

A puntuación máxima desta fase será de **28 puntos**.

6.5.2.1.- Valoración de méritos específicos.

A puntuación máxima deste apartado será de **16 puntos**.

6.5.2.1.1.- Experiencia.

Para estes efectos, só se computarán os servizos prestado mediante o desempeño efectivo dos postos adxudicados con carácter definitivo, non téndose en conta, polo tanto, o tempo prestado en comisións de servizo e adscrición provisionais.

6.5.2.1.2.- Títulos académicos.

- Licenciatura ou grao en dereito.
- Cursos de doutoramento en dereito con título DEA, ou equivalente.
- Doutoramento en Dereito.

6.5.2.2.- A memoria e entrevista.

A puntuación máxima deste apartado será **12 puntos**.

6.5.2.2.1.- A memoria.

Os candidatos elaborará unha memoria consistente nunha análise das tarefas do posto e dos seus requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.

A memoria presentarase no rexistro de entrada da Deputación Provincial, dentro do prazo de presentación de solicitudes, en sobre cerrado, en cuxa portada se indicará a identificación persoal e a expresión "Memoria para a provisión do posto de Xefe do Servizo de Contratación e Fomento".

6.5.2.2.2.- A entrevista.

A entrevista versará sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo de acordo co previsto na convocatoria e sobre a memoria, podendo estenderse a comprobación dos méritos alegados.

6.5.2.3.- Puntuación mínima. A puntuación mínima necesaria para a superación da segunda fase será de **14 puntos**.

7.- A COMISIÓN DE VALORACIÓN.

7.1.- A Comisión de Valoración estará composta por un mínimo de 5 membros, designados pola Presidencia da Deputación Provincial, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

PRÉSIDENTE: O Xefe do Servizo de Recursos Humanos ou un técnico ou experto.

VOGAIS: Tres técnicos ou expertos.

SECRETARIO: O Secretario Xeral da Deputación Provincial ou funcionario que o substitúa regulamentariamente.

Na composición da Comisión tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Non poderán formar parte da Comisión as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A pertenza á Comisión será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O nomeamento das persoas que constituirán a Comisión de Valoración e suplentes realizarase por Decreto da Presidencia da Deputación Provincial, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ao posto que se convoca.

Os membros da Comisión terán todos voz e voto.

A Comisión de Valoración poderá solicitar ao órgano convocante a designación de expertos que, en calidade de asesores, actuarán con voz pero sen voto, así como persoal de colaboración.

7.2. PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO.

Os membros do Tribunal, así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias e axudas de custo na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as posibles actualizacións á data da realización das probas.

Os membros do Tribunal, asesores e colaboradores poderán efectuar os seus desprazamentos en vehículo propio.

8.- RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO.

8.1.- A Comisión de Valoración efectuará a valoración conforme aos criterios establecidos no baremo. Efectuada esta, formularase unha proposta de nomeamento, a favor do candidato que obtivera a maior puntuación, sen que o número de aspirantes propostos poida exceder do número de postos convocados.

8.2.- En caso de empate acudirase para resolvelo á puntuación obtida nos apartados do baremos pola orde que figura neste. De persistir o empate acudirase á data de ingreso na escala e subescala dende a que concorre, no seu defecto, acudirase á prelación obtida no proceso selectivo de ingreso como funcionario.

8.3.- A proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Deputación coas puntuación que obtiveran todos os concursantes. Os interesados poderán interpor reclamacións contra esta no prazo de cinco días. Resoltas estas pola Comisión de Valoración, elevarase proposta definitiva á Xunta de Goberno, que resolverá definitivamente.

8.4.- O prazo para a resolución do concurso será de dous meses computables dende o día seguinte ao remate do prazo de presentación de instancias, consonte ao artigo 47 do RD 364/95, de 10 de marzo.

A resolución publicarase no B.O.P, no Taboleiro da Deputación, na páxina Web da Entidade e notificarase ao interesado seleccionado, Xefe da Dependencia e Xunta de Persoal.

9.- TOMA DE POSESIÓN.

9.1.- Realizando o nomeamento pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial e notificado ao interesado, este tomará posesión nun prazo de tres días hábiles. O dito prazo empezará a computarse a partir do día seguinte ao do cesamento no posto de orixe que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso específico no BOP. De todo iso deixarase constancia no expediente individual e no Libro de Rexistro de Persoal.

9.2.- Unha vez formalizada a toma de posesión, comunicarase á Intervención, á Unidade de Nóminas e Seguridade Social, ao Servizo de RRHH, ao Xefe da dependencia respectiva e á Xunta de Persoal.

10.- IMPUGNACIÓN.

As presentes bases e tódolos actos derivados das mesmas poderán ser impugnados de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

11.- RECURSOS.

Contra a presente resolución pola que se aproban as bases e se realiza a presente convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación daquela no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 8 de abril de 2013.- O SECRETARIO.- D. José Antonio Mourelle Cillero.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO ESPECIFICO DE MÉRITOS AO OBXECTO DA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DENOMINADO XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

(CONVOCATORIA REALIZADA NO BOP nº DE DATA/..../.....)

I.- DATOS DO POSTO QUE SE CONVOCA:

DENOMINACIÓN: XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.
TIPO DE POSTO: SINGULARIZADO.
RÉXIME XURÍDICO: FUNCIONARIAL.
Nº DO POSTO DE TRABALLO: 1163.

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO FIXO:	
	MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO E PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ser funcionario pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica ou de Xestión, Grupo A, Subgrupos: A1 ou A2:
- Da Deputación Provincial de Lugo.
- Doutras Entidades da Administración Local.
- b) Estar ocupando un posto de traballo, provisto con carácter definitivo, computándose unha permanencia nel de dous ou máis anos.

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar no proceso selectivo correspondente.

....., 2013.

(Asinado)

MÉRITOS ALEGADOS POLOS ASPIRANTES

(Base 6.5)

6.5.1.- PRIMEIRA FASE: VALORACIÓN DOS MÉRITOS XERAIS (Puntuación: Máx. 52 p./Mín. 21 p.).

6.5.1.1.- VALORACIÓN DO TRABALLO DESENVOLVIDO (máx. 8 puntos):

(Espazo reservado para a administración convocante)

Apartado a)
 Apartado b)
 Apartado c)

6.5.1.2.- VALORACIÓN DO GRAO PERSOAL (máx. 12 puntos):

(Espazo reservado para a administración convocante)

Apartado a)
 Apartado b)
 Apartado c)

6.5.1.3.- CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (Máx. 8 puntos).

6.5.1.3.a) CURSOS INCLUÍDOS NOS PLANS DE FORMACIÓN DA DEPUNTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO OU REALIZADOS POR ESCOLAS DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA OU POR OUTRAS ENTIDADES RELACIONADOS DIRECTAMENTE COAS FUNCIÓNS DO POSTO AO QUE SE OPTA.

Nº ORDE	DENOMINACIÓN	HORAS	PUNTUACIÓN
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			

PUNTUACIÓN PARCIAL:

6.5.1.3.b) IMPARTICIÓN DE CURSOS E PUBLICACIÓNS RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO AO QUE SE OPTA, ESTUDOS DE ESPECIALIZACIÓN, MASTERS OU SIMILARES.

1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			

8			
10			
11			
12			
13			
14			

PUNTUACIÓN PARCIAL:

6.5.1.3.1.c) CURSOS DE IDIOMAS OFICIAIS DA UNIÓN EUROPEA:

1			
2			
3			
4			
5			

PUNTUACIÓN PARCIAL:

PUNTUACIÓN TOTAL:

6.5.1.4.- IDIOMA GALEGO. (Máx. 8 puntos)

	PUNTUACIÓN
CELGA 3 ou EQUIVALENTE:	
CELGA 4 ou EQUIVALENTE:	
CICLO SUPERIOR DE ESTUDOS DE GALEGO DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS:	
CELGA 5, Licenciatura/Graos de Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica (Subsección de galego-portugués), Nivel Superior de Linguaxe Administrativa Galega,	
TOTAL:	

6.5.1.5.- ANTIGÜIDADE. (Máx. 12 puntos).

(Espazo reservado para a administración convocante)

Tempo de servizos:

Puntuación:

6.5.1.6.- CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES. (Máx. 8 puntos).

(Espazo reservado para a administración convocante)		Puntuación
	Apartado 6.5.1.6.1.- (3 puntos).	
	Apartado 6.5.1.6.2.- (5 puntos).	
	Apartado 6.5.1.6.3.- (5 puntos).	
TOTAL:		

6.5.2.- SEGUNDA FASE. (Puntuación: Máx. 28/ Mín. 16).**6.5.2.1.1.- EXPERIENCIA.**

(Espazo reservado para a administración convocante)

Apartado a)

Apartado b)

Total puntuación:

6.5.2.1.2.- TITULACIÓN ACADÉMICA.

(Espazo reservado para a administración convocante)

 Licenciatura ou grao en dereito: Cursos de doutoramento en dereito con título DEA, ou equivalente: Doutoramento en dereito:

Total:

6.5.2.2.- MEMORIA E ENTREVISTA (Máx. 12 p.)**6.5.2.2.1.- MEMORIA**

(Espazo reservado para a administración convocante)

6.5.2.2.2.- ENTREVISTA

(Espazo reservado para a administración convocante)

R. 1342

CONCELLOS**ABADÍN***Anuncio***PADRONES DE AUGA E LIXO: 4º TRIMESTRE DO 2012**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 27 de marzo de 2013, adoptou o seguinte acordo do que a súa parte dispositiva resulta transcrita literalmente:

“PRIMEIRO.- Aprobar o padrón da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga e de recollida de lixo correspondente ó 4º trimestre do ano 2012, que ten un importe total de **886,51 euros**.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o padrón aprobado, mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.- Contra as liquidacións incorporadas ó padrón, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, dacordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime convinte.

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día 8 de abril de 2013 ata o día 7 de xuño de 2013. Para o cobro e dito padrón, ós contribuíntes que non teñan domiciliados, os documentos de cobro seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias ubicadas no concello de Abadín.”.

Abadín, 27 de marzo de 2013.- O Alcalde, José Mª López Rancaño.

R. 1253

BURELA*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26 de marzo de 2013, o Padrón do servizo de Axuda no Fogar, do mes de febreiro de 2013, que no seu importe total ascende á suma de 2.274,57 €.

Por medio do presente exponse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Burela, 1 de abril de 2013.- O Alcalde en Funcións, Manuel Fernández Valle

R. 1254

A FONSAGRADA*Anuncio***ANUNCIO DE APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de A Fonsagrada, en sesión ordinaria celebrada o día 21.03.13, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, e carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

En A Fonsagrada, a 22 de marzo de 2013.- O Alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 1212

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno do Concello de A Fonsagrada, en sesión ordinaria celebrada o día 21.03.13, acordou a aprobación provisional da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullos, colectores, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

En A Fonsagrada, a 22 de marzo de 2013. O Alcalde, Argelio Fernández Queipo

R. 1213

FRIOL

Anuncio

En cumprimento do disposto no art. 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por medio de anuncio publicado no BOP núm. 171 de 28 de xullo de 2011, fíxose público que o Pleno do Concello, na sesión celebrada o 8 de xullo, adoptou o acordo de asignación de dedicación exclusiva á Alcaldía-Presidencia, así como unha dedicación parcial á Delegación Xeral da Alcaldía e Atención ao Administrado, Estatística e Padrón.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, na sesión celebrada o 21 de marzo do actual infórmase á Corporación que con efectos económicos a 28 de febreiro do actual, o Alcalde causou baixa no seu posto de traballo de médico titular, por xubilación, sendo a súa situación profesional a de Servizos Especiais con dedicación exclusiva no concello como Alcalde. Como consecuencia da súa xubilación profesional, desde o 1 de marzo do actual queda sen efecto a dedicación exclusiva á Alcaldía que no seu día acordou a corporación municipal, e polo tanto a remuneración económica que elo conlevaba. Polo tanto desde o 1 de marzo de 2013, no Concello de Friol mantense simplemente unha dedicación parcial, correspondente ao Primeiro Teniente de Alcalde, de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 8 de xullo de 2011 e a resolución da Alcaldía de 9 de novembro de 2012 (publicada no BOP núm. 273 de 27 de novembro de 2012).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos, en cumprimento do disposto no art. 75 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Friol a 27 de marzo de 2013.- O Alcalde

R. 1258

Anuncio

No Concello de Friol faise público a tramitación de expediente relativo a "Ampliación de cemiterio e construción de panteóns" no cemiterio parroquial de Nodar, según proxecto redactado polo Arquitecto Dona Paloma Mourín Vázquez, solicitado pola Comunidade de Montes en Man Común de Nodar.

Á vista do disposto no art. 53 do Decreto 134/98 de 23 de abril de policía sanitaria mortuoria, a ampliación do cemiterio debería obter a correspondente autorización snaitaria. En cumprimento do disposto no art. 52 o

expediente sométese ao trámite de información pública polo prazo de 15 días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de anuncios, a efectos de exáme e reclamacións.

Friol a 26 de marzo de 2013.- O Alcalde, Antonio E. Muiña Pena

R. 1259

GUITIRIZ

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE A CONSTITUCION DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO TEMPORAL NO CONCELLO DE GUITIRIZ

O Concello de Guitiriz aprobou por resolución de alcaldía de data 4/04/2013 as bases e a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal mediante a constitución dunha Bolsa de Emprego Público Temporal para as seguintes categorías de postos de traballo do Concello, aos efectos de cubrir necesidades transitorias de persoal (substitucións por incapacidade laboral transitoria, permisos ou licenzas do persoal), ou para atender servizos temporais, estacionais ou urxentes que non poidan prestarse co persoal existente:

- Técnico/a do Punto de Atención á Infancia (servizo de PAI)
- Auxiliar de xeriatria (servizo de CD)
- Auxiliar de axuda no fogar (servizo de SAF)
- Conductor/a de desbrozadora (servizo de medio ambiente e infraestruturas)
- Peón de servizos múltiples (servizo de medio ambiente e infraestruturas)
- Peón-conductor/a de servizos múltiples (servizo de medio ambiente e infraestruturas)

As persoas interesadas poden consultar as bases no rexistro do Concello de Guitiriz e na páxina web do Concello de Guitiriz (www.concellodeguitiriz.com), sendo o prazo para a presentación de instancias de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A citada Bolsa de Emprego, que terá unha duración de 3 anos, poderá de ser ampliada posteriormente conforme ao establecido nas bases, con novas convocatorias para seleccionar máis candidatos nas mesmas ou distintas categorías de postos de traballo.

Guitiriz, 4 de abril de 2013.- O alcalde, Xosé M^a Teixido Núñez

R. 1307

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 13002887 DO 26/03/2013

Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dous de abril de dous mil oito, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 090 de data 19.04.2008.

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 5.12.2012, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluída na referida Oferta de Emprego.

Ditas bases foron modificadas polos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 26 de decembro de 2012 e 23 de xaneiro de 2013.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do Decreto número 12010330, de 27 de novembro de 2012 e do acordo nº 11/47 da Xunta de Goberno Local, do 30 de xaneiro de 2013, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a plazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 (modificadas polo citado órgano en sesións do 18 de febreiro de

2009 e do 26 de decembro de 2012, modificacións que foron publicadas no BOP número 051, do 4 de marzo de 2009 e no BOP número 33, do 8 de febreiro de 2013) e polas bases específicas aprobadas por dito órgano na sesión do 5.12.2012 (modificadas por dito órgano nas sesións de datas 26.12.2012 e 23.01.2013), que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.”

1º.- **OBJECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18 de febreiro de 2009 e do 26 de decembro de 2012.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/á aspirante nomeado/a, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: media

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de Enxeñeiro Técnico Industrial ou Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame ó establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do mesmo.
- d) Do mesmo xeito, deberá xuntarse á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

6º.- PROCESO SELECTIVO

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito, nun tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas e figuran na base décimo quinta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou dos que integran o temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de tres horas.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de dúas horas un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza da praza.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que a terse ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

1. Contratación das Corporacións Locais. Formas de Contratación. Perfeccionamento e formalización do contrato. Garantías provisional e definitiva. Cumprimento do Contrato. Recepción das obras. Formas de extinción do contrato.
2. As licenzas e autorizacións municipais de actividade. Actividades sometidas e non sometidas a incidencia ambiental. Regulación e procedemento de outorgamento. Comprobacións e inspeccións.
3. Informes municipais de actividades. Informes en fase de proxecto e inspección. Normativa de aplicación.
4. Normativa sobre locais destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Especial referencia ó Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, aprobado polo Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto. Requisitos e condicións esixibles para a construción ou transformación de edificios e locais para destinalos a espectáculos propiamente ditos. Precaucións e medidas contra incendios. Autoprotección. Campos de deportes, recintos e instalacións eventuais. Licenzas de construción ou reforma e de apertura. Organización dos espectáculos e actividades recreativas. Intervención das autoridades administrativas. Infraccións e sancións.
5. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións.
6. O Plan xeral de ordenación urbana de Lugo. Réxime dos usos do solo urbano: condicións xerais e clasificación dos usos. Condicións de hixiene e estética nos edificios.
7. Normas sobre accesibilidade urbanística na edificación. Medidas mínimas de accesibilidade. DB-SUA: seguridade de utilización e accesibilidade.
8. Lexislación en materia de protección contra incendios. Regulación da seguridade contra incendios en actividades en a edificación. Medidas de protección contra incendios. Clasificación dos materiais construtivos en función da reacción e resistencia ó lume.
9. Requisitos acústicos básicos na edificación. Especial referencia ó Código técnico da edificación, e diferenzas máis importantes respecto á NBE-CA-88.
10. Atribucións dos Concellos en materia de contaminación acústica. Normativa municipal sobre contaminación acústica. Condicións esixibles ás actividades.
11. O ruído. Presión, intensidade e potencia acústica e sonoridade. Unidades e índices de valoración. O proceso de medición. Instrumentación en medidas acústicas. Metroloxía legal.
12. Illamento acústico. Illamento entre recintos a ruído aéreo e a ruído de impacto. Conceptos básicos sobre a metodoloxía de medida e valoración.
13. Illamento acústico de vibracións. Principios físicos básicos. Descrición dos sistemas illantes máis habituais.
14. Propagación do son: en campo libre, no interior dun local e entre recintos. Sistemas de control de ruído: illamento, apantallamento e absorción acústica. Tempo de reverberación no interior de recintos.
15. Protección do medio ambiente. Procedementos ambientais. Normativa. Contaminación atmosférica. Normativa. Condicións esixibles ás actividades. Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.
16. Fases do control metrolóxico. Normativa. Especial referencia á instrumentación acústica.

17. Contaminación das augas. Orixes da contaminación. Alteracións físicas: cor, cheiro, sabor, temperatura, materia en suspensión, formación de espumas. Alteracións químicas e biolóxicas.
18. Contaminación atmosférica. Contaminantes máis importantes. Materias sólidas. Compostos do xofre. Compostos do nitróxeno. Compostos inorgánicos do carbono. Compostos orgánicos. Ozono. Metais.
19. Efectos dos contaminantes atmosféricos sobre a saúde humana, os ecosistemas e os materiais. Criterios da calidade do aire. Métodos de control. Bioindicadores utilizables en contaminación atmosférica.
20. Métodos de depuración de gases. Procesos de separación de partículas: gravidade, inercia, forza centrífuga, interposición e precipitación electrostática. Procesos de depuración de gases: absorción, adsorción, combustión e redución catalítica.
21. Métodos de depuración de augas. Tratamentos físicos: filtrado, desareado, desengraxado, sedimentación, flotación. Tratamentos químicos: coagulación, floculación, oxidación-redución e desinfección. Tratamento dos lodos.
22. Residuos sólidos urbanos. Tipoloxía. Xestión. Normativa de aplicación.
23. Rozamento. Rozamento por adherencia e por escorregamento. Rozamento en cuñas e parafusos. Resistencia de rodadura
24. Máquinas simples: plano inclinado, cuña, parafuso, panca, roda, polea, torno e mecanismo biela-manivela.
25. Combustibles de orixe fósil. Combustibles líquidos. Viscosidade. Poder calorífico. Punto de inflamación. Almacenamento e distribución.
26. Combustibles gaseosos. Almacenamento e distribución. Familias de gases combustibles. Condicións normais e reais dun gas. Poder calorífico. Punto de rosada. Tipos de combustión. Control da combustión.
27. Resistencia de materiais. Principios. Diagrama de tensións-deformacións. Lei de Hooke e módulo de elasticidade. Tensión admisible e de seguridade.
28. Solicitacións mecánicas. Tracción e compresión. Cortadura. Torsión. Flexión. Ecuación da flexión. Esforzos cortantes e momentos de flexión. Pandeo.
29. Cálculo mecánico de cables en redes eléctricas. Ecuación de cambio de condicións. Tense máximo. Coeficiente mínimo de seguridade. Sobrecarga nos cables. Vano ideal de regulación. Táboas de tendido. Parábola máxima e mínima. Eolovano. Gravivano. Desviación transversal de cadeas de suspensión nun apoio de aliñación. Apoio en ángulo. Tipos de apoios. Determinación do carácter ascendente ou descendente dunha cadea de illadores.
30. Estruturas metálicas. Proceso de cálculo de vigas simples. Curva elástica de deformación.
31. Estruturas trianguladas. Emprego na enxeñería. Fundamentos teóricos. Cálculo de esforzos axiais: Métodos de Cremona e Ritter.
32. Motores de combustión interna. Punto morto inferior e superior. Diagrama de traballo dun motor de explosión de catro tempos. Grao de compresión.
33. Turbomáquinas. Tipoloxía. Constitución básica. Turbinas hidráulicas. Turbinas de gas. Compresores.
34. Correntes de cortocircuíto en liñas trifásicas. Cortocircuíto tripolar. Corrente inicial de cortocircuíto tripolar. Períodos de cortocircuíto. Impedancia de máquinas. Relación entre valores absolutos en ohmios e relativos en tanto por cento.
35. Caída de tensión en corrente alterna. Parámetros de liña. Efecto da indutancia e capacitancia nunha liña eléctrica trifásica.
36. Corrente continua. Xeración e distribución de corrente continua. Máquinas de corrente continua: dínamos e motores. Tipoloxía en función da excitación. Fenómeno de conmutación e de reacción de inducido.
37. Transformadores trifásicos. Relación de transformación nominal. Debandados. Desfase entre primario e secundario. Bornes do transformador. Polaridade dos bornes. Grupos de conexión. Tensión de cortocircuíto. Caída de tensión óhmica. Tensión de dispersión. Perdas e rendemento dun transformador. Ventilación de celas.
38. Corrente alterna. Distribución trifásica. Conexións en estrela e triángulo. Máquinas de corrente alterna: Alternadores, transformadores e motores.
39. Producción de campos magnéticos xiratorios mediante correntes alternas. Teorema de Ferraris. Motor de corrente alterna trifásico. Motor síncrono e asíncrono. Compensador síncrono. Motor síncrono-sincronizado. Alternador asíncrono. Arranque de motores.
40. Máquina síncrona de corrente alterna. Constitución básica. Tipoloxía. Principio de funcionamento como alternador. Dispersión de fluxo. Reacción do inducido. Reactancias. Circuito equivalente. Emprego da máquina síncrona como motor

41. Máquina asíncroma de corrente alterna trifásica. Tipoloxía e constitución básica. Principio de funcionamento como motor. Modelo e circuío equivalente. Funcionamento coma xerador, motor e freo. Control de velocidade en motores asíncronos.
42. Transformador monofásico de corrente alterna. Constitución básica. Principios de funcionamento. Modelo equivalente. Ensaio de baleiro e cortocircuíto. Transformación de corrente trifásica.
43. Almacenamento de produtos químicos, regulamento e instrucións técnicas complementarias. Ámbito de aplicación. Terminoloxía. Inscripcións das instalacións. Obrigas e responsabilidades. Control das instalacións. Accidentes. Almacenamento conxunto.
44. Seguridade no traballo. Actividades industriais e consideración sobre a súa localización. Disposicións sobre os lugares de traballo. Instalacións eléctricas. Salas de caldeiras. Instalacións de frío. Almacenamento de produtos inflamábeis. Traballos con produtos e materiais perigosos. Condicións ambientais. Vías de circulación. Acceso a máquinas.
45. Efectos da corrente eléctrica sobre o corpo humano. Tipos de correntes. Intensidade e tempo de contacto. Resistencia do corpo humano. Tensión de contacto e de paso. Tipos de contactos. Instalacións eléctricas en locais húmidos, mollados e con risco de explosión.
46. Formigón armado. Compoñentes e dosificación. Características do formigón fresco e endurecido. Ensaos e control do formigón.
47. Execución de formigonados: cimbras, encofrados e moldes. Dobrado e colocación das armaduras. Posta en obra do formigón. Xuntas de formigonado. Formigonado en tempo frío e caloroso. Curado do formigón. Descimbrado, desencofrado e desmoldeo.
48. Durabilidade do formigón. Corrosión das armaduras. Accións no formigón estrutural. Clasificación e valores característicos."

SEGUNDO.- Sinalar que, de acordo co previsto na base oitava das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, o prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.

R. 1260

Anuncio

DECRETO NÚMERO 13002886 DO 26/03/2013

Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dous de abril de dous mil oito, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 090 de data 19.04.2008.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 5.12.2012, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a tres prazas de Delineante pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, incluídas na referida Oferta de Emprego.

Ditas bases foron modificadas polos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 26 de decembro de 2012 e 23 de xaneiro de 2013.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do Decreto número 12010330, de 27 de novembro de 2012 e do acordo nº 11/47 da Xunta de Goberno Local, do 30 de xaneiro de 2013, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a **tres prazas de Delineante**, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 (modificadas polo citado órgano en sesións do 18 de febreiro de 2009 e do 26 de decembro de 2012, modificacións que foron publicadas no BOP número 051, do 4

de marzo de 2009 e no BOP número 33, do 8 de febreiro de 2013) e polas bases específicas aprobadas por dito órgano na sesión do 5.12.2012 (modificadas por dito órgano nas sesións de datas 26.12.2012 e 23.01.2013), que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A TRES PRAZAS DE DELINEANTE PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE.

1º.- **OBXECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a tres prazas de Delineante, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18 de febreiro de 2009 e do 26 de decembro de 2012.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ós/ás aspirantes nomeados/as, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- **CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

- a) Denominación da praza: Delineante
- b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C1)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: auxiliar

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** O sistema selectivo será o de oposición.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:** Técnico Superior en Desenvolvemento e Aplicación en Proxectos de Construción ou Técnico Superior en Desenvolvemento de Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas.

5º.- **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 15,15 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

6º.- **PROCESO SELECTIVO**

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza a que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: consistirá en contestar por escrito un cuestionario composto por 20 preguntas relativas tanto o contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,5 puntos. A mal contestada restará 0,166, puntuando con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ó segundo, deberá acadarse polo menos unha puntuación de 5 puntos.

O temario de materias comúns intégrano 8 temas, e figuran na base décimo sexta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou entre os temas que integran o temario de materias específicas. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 2 horas.

